



## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO IES N.º1

No IES N.º1 para a promoción e titulación do alumnado seguiranse os criterios que figuran nos artigos 24 e 25 do Capítulo IV do *DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e que se expoñen a continuación:

### Artigo 25. Promoción

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, **acadará a promoción** dun curso a outro **o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais** de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, **sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:**

- a) Que a **media aritmética das cualificacións** obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
- b) Que a **suma dos períodos lectivos semanais** establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos **con avaliación negativa non sexa superior a dez**. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o **equipo docente considere** que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden **seguir con éxito o curso seguinte**.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o **equipo docente considere** que a devandita promoción **beneficiará a súa evolución académica**.

### Artigo 26. Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria **o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais** de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, **sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:**

- a) Que a **media aritmética das cualificacións obtidas** en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno **adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída**.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno **alcanzase os obxectivos da etapa**.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.